

O triunfo do armamentismo: Do Congreso pola Paz de Ferrol ao afundimento do *Lusitania*, pasando pola Mensaxe a García

XAVIER BRISSET MARTÍN*

Sumario

O século XX, comezou con falares de desarme e rematou cos complexos da industria militar nos cumios do poder económico. Polo camiño, non menos de 100.000.000 de mortos, deles, moitos máis civís que militares. Agora, no centenario da Gran Guerra, repasamos algúns dos pasos iniciais, uns frustrados, outros exitosos, que orientaron á humanidade nesa dirección.

Abstract

The twentieth century, began to speak of disarmament and ended with military industry complex on the tops of economic power. Along the way, no less than 100.000.000 dead, of them, many more civilians than soldiers. Now, in the centenary of the Great War, we review some of the initial steps, some frustrated, some successful.



«Gaseados» de John Singer. Imperial War Museum, Londres.

Tras da carta de presentación da US Navy nas Guerras de Independencia de Cuba e Filipinas, e a súa inapelable victoria nas batallas de Cavite e Santiago de Cuba, EE.UU. ocupou os últimos restos do imperio ultramarino español. Esa exhibición de poderío non pasou desapercibida nas potencias imperiais europeas, que non tardaron en convocar a **I Conferencia sobre desarme** da Haia (Holanda), celebrada coa presenza de 26 estados no verán de 1899.

Os imperios europeos viñan de distribuírse África amistosamente, compartindo escuadra e cartabón para colocar súas bandeiriñas sobre o mapa físico do continente (1), pero pouco despois, rematando o século, debían asumir por primeira vez a realidade dos incipientes expansionismos norteamericano e xaponés. Xa non quedaba mundo por repartir «entre cabaleiros» polo que as seguintes conquistas serían a conta duns ou doutros.

* Xavier Brisset Martín (La Habana 1952), investigador e divulgador cultural, é comisario das exposicións de 8mares.com



«Vota non mamá, levarán a papá»: <<http://sydwalker.info/blog/category/history/world-war-one/>>

Na convocatoria da Conferencia eran citados para debater a restricción ou prohibición da novísima maquinaria bélica, explosivos e armamentos de última xeración, como submarinos e gases químicos, a non incrementar os gastos militares, a debater os conflitos ante un organismo mediador (2)... esta última foi a medida máis duradeira, aunque escasamente efectiva, cando aprobaron a creación da **Corte Permanente de Arbitaxe** (3).

Tamén acordaron xuntarse cada 8 anos polo que en 1907, tamén na Haia, estiveron presentes na **II Conferencia de desarme** 44 estados que perfeccionaron os mecanismos de arbitaxe.

E de destacar que en ambas xuntanzas participaron activamente representantes de Alemaña, Rusia, Austria-Hungría, Francia, Reino Unido, Imperio Otomano e Xapón, que non deron lugar a III Conferencia, pois en 1915 estaban enfrontándose entre eles na Gran Guerra. Pouco despois comezou a intervención dos EE.UU., que tamén estivo presente en ambas conferencias.

Pola banda das organizacións obreiras, concretamente dos partidos socialistas integrados na **II Internacional** (4), tamén mostraron sensibilidade ante o clima prebélico que se vivía en Europa. As repercusións dunha mobilización masiva para o conxunto dos traballadores e a súa exposición aos novos medios de exterminio eran de temer, aunque dificilmente podían prever o nivel ao que chegaría a matanza.

O internacionalismo proletario, por definición, negábase a que lexións de obreiros participaran nesas agresións contra os irmáns de clase, foran do estado que foran.

Nos Congresos de Stuttgart de 1907, e Copenhagen de 1910, foron unificando criterios que finalmente plasmaron no **Manifesto do Congreso Extraordinario de Basilea** de 1912 (5), convocado urxentemente cando xa era un feito a I Guerra dos Balcáns (6), polvorín que se temía fora o desencadeante do peor dos conflitos.

O Congreso requírevos, proletarios e socialistas de todos os países, a que fagades oír a vosa voz nesta decisiva hora! Proclamate vosa vontade de calquera xeito en todos os lugares; facede medrar a vosa protesta nos parlamentos con toda a vosa forza; unídevos en grandes manifestacións de masas; usade todos os medios de organización e fortaleza do proletariado que teñades a man! Velade que os gobernos estén constantemente advertidos da vosa vixilancia e apasioxada decisión pola paz! Ao mundo capitalista de explotación e asasinatos masivos opoñede o mundo proletario de paz e fraternidade dos pobos. (7)

Estas ideas pacifistas das organizacións proletarias, pretendían derrubar a fortificada estrutura do darwinismo social, que, consagrando o dereito de conquista, daba cobertura ideolóxica á expansión das nacións vivas e poderosas, que viñan sendo as mellor armadas.

Por ese criterio o Imperio Otomán era o *enfermo de Europa*, e as súas dificultades nas montañas balcánicas eran seguidas coa máxima atención. O Imperio ruso, o Austro-húngaro, Italia... tiñan intereses directos para apoiar a albaneses, búlgaros ou servios... pero esa era

unha parte secundaria do taboleiro de xadrez. Alemáns, ingleses e franceses, metidos de cheo na segunda revolución industrial, sabían que o Sultán tiña, na outra banda do seu imperio, un inesgotábel tesouro nos míticos territorios de Mesopotamia.

Por iso, un tema menor como as penurias dos soldados turcos en Montenegro, espertaba os apetitos imperiais que vían acercarse o momento da desfeita otomá e o conseqüente reparto das terras onde manaba o petróleo.

Para estar nas mellores condicións na liña de saída, os parlamentos democráticos europeos comezaron a aprobar aumentos nos gastos militares, e algúns partidos socialistas, esquecendo o manifesto de Basilea, sumáronse ós preparativos bélicos. Con esa actitude cedían ás urxencias patrióticas das oligarquías imperiais, sendo alcumados polos internacionalistas como socialchovinistas.



Entre os socialchovinistas figuran tanto os que xustifican e exaltan aos gobernos e á burguesía dun dos grupos de potencias belixerantes como os que, a semellanza de Kautsky, recoñecen aos socialistas de todas as potencias belixerantes o mesmo dereito a «defender a patria». O socialchovinismo, que defende de feito os privilexios, as vantaxes, o saqueo e a violencia da «súa» burguesía imperialista (ou de toda burguesía en xeral), constitúe unha traizón absoluta a todas as ideas socialistas e á resolución do Congreso Socialista Internacional de Basilea. (8)

Papá, qué fixeches na Gran Guerra?:
<<http://www.iagreeetosee.com/portfolio/daddy-great-war/>>

Neses anos, Pablo Iglesias Posse, ferrolán, era o único representante socialista no Parlamento español. Elixido por Madrid nas eleccións de 1910, trinta e un anos despois de fundar o PSOE, por fin era tolerado polo sistema bipartidista (9). Chegada a Gran Guerra, o goberno español, presidido polo coruñés Eduardo Dato Iradier, optou pola neutralidade no conflito internacional, anque continuou mobilizando soldados na guerra de Marrocos, considerado un enfrontamento doméstico e sumamente antipopular.

O antimilitarismo en España, manifestado espontaneamente na Semana Tráxica catalana (10), calou profundamente nas clases populares dende xaneiro do ano 1897, cando o Xeneral Weyler comezara a devolver a milleiros de soldados doentes e moribundos, incapaz de recuperalos en Cuba. Consumado o Desastre, a silueta do repatriado famento, apurando os seus últimos folgos, quedou recortada no horizonte de todos os camiños peninsulares. Só foron os pobres, e os que volveron daban pena.

A consecuencia directa en Galicia foi a emigración de adolescentes que prematuramente abandonaban súas casas, fuxindo do recrutamento para Marrocos. Declarados prófugos cando eran citados a filas, periodicamente o goberno ofrecíalles o indulto a cambio do importe da redención a metálico, cómoda opción para que librasen os ricos e quedaran na casa, pero que demoraba durante anos o retorno dos menos afortunados.



Mulleres nunha fábrica de municións.

No golfo Ártabro, esta precoz fuxida vivíase diariamente no porto de A Coruña, mentres que no de Ferrol, dependente dos investimentos militares, a contradición obreira entre as ideas pacifistas e o posto de traballo no Arsenal era patente. O ano 1914 foi botado o Jaime I, terceiro e último dos acoirazados contratados coa Sociedad Española de Construcción Naval, tras da que estaba a empresa inglesa Vickers, que xestionaba o estaleiro. Quedaban así cumpridos os encargos do I Programa de Rearme naval tras das perdas do 98.

Ante os primeiros despidos a cidade mobilizouse esixindo do goberno a aprobación do II Programa que, efectivamente, foi adiante en 1915, pero con tan escasos orzamentos que soamente foi rematado na Ditadura de Primo de Rivera.

Neste contexto internacional e neste ambiente local, o Ateneo Sindicalista de Ferrol celebrou un mitin antibélico no Teatro Romea o 11 de febreiro de 1915, no que participaron republicanos, socialistas e anarquistas

... coa presidencia de Miguel D'Lom, participaron anarquistas como José López Bouza e Raimundo Castro, socialistas como José Lorenzo e Antonio Maneiros, e ata republicanos como Maximino Rodríguez. Durante dúas horas, os oradores presentaron os seus argumentos contra a guerra e finalmente aprobaron a celebración do **Congreso internacional pola paz**, que tería lugar en Ferrol ou na Coruña. (11)

Eliseo Fernández no seu libro sobre Xosé López Bouza, asinante do manifesto que convocaba o Congreso, ofrece detalles das principais vicisitudes deste evento internacional que, contando coa colaboración da Federación Local Obreira de A Coruña, celebrou actos previos en Ferrol, Pontedeume, Betanzos, Ortigueira e Santiago, recibíndose a adhesión de máis de 150 sociedades de oito países.


A actitude dos socialistas diante do Congreso foi contradictoria, xa que mentres os ferroláns daban o seu apoio ao acto, tanto no mitin inicial no que se decidiu a celebración do Congreso como nos mitíns preparatorios, o Partido Socialista Obreiro Español criticou a celebración do acto no seu voceiro *El Socialista*.

Na véspera da inauguración, cando todos os delegados ou estaban en Ferrol ou viñan de camiño, foi prohibido polo goberno datista. A represión do executivo continuou interceptando a correspondencia, coa expulsión do país dalgúns dos delegados portugueses e un brasileiro, as detencións de delegados cataláns e, finalmente, da comisión organizadora (12).

A pesares diso puido celebrarse clandestinamente, sen convocatoria pública, coa presenza de corenta e sete delegados, publicándose ós poucos días as actas (13). Entre os acordos figuraba a creación dun **Comité Permanente del Congreso Internacional de la Paz**, que tería súa sede en Lisboa e debería achegar ás trincheiras seus chamamentos polo fin da guerra.



O Lusitania no peirao de Nova Iorque.



Lembrede o Lusitania!

Eliseo Fernández, tamén comenta no seu libro a participación do ferrolán Antonio Filgueira Vieites, que emigrado a Brasil, acudiu á súa terra como representante da Confederação Operaria Brasileira. De regreso a Rio de Janeiro, colaborou activamente na comisión organizadora do **Congreso da Paz de Río** que se celebrou o 14 e 16 de outubro do mesmo 1915, recoñecéndose como continuación do de Ferrol.


Non deu máis de si esta alternativa pacifista nacida entre nós. Tamén resultaron inútiles os intentos dos partidos socialistas escandinavos de reactivar os principios do Manifesto de Basilea convocando ós partidos dos países neutrais, así como a actividade da *Asociación Americana para a observación da neutralidade* que entregou no Senado norteamericano 1.000.000 de sinaturas. Por eses tempos dábbase por soterrada a II Internacional e non existía operativo ningún organismo internacional que puidera mediar.

Ademais o 1º de maio de 1915, mentres en Ferrol detiñan ós organizadores do Congreso da Paz, partía do porto de New York rumbo a Liverpool, o *Lusitania*, inmenso transatlántico de catro chemineas da Cunard inglesa, con máis de 2.000 persoas a bordo, entre pasaxeiros e tripulantes, e coas adegas ategadas de municións non declaradas (14).

Durante moitos días a Embaixada alemana nos EEUU, advertiu nos xornais da posibilidade de que, dada a situación bélica en Europa, fora interceptada calquera embarcación militarizada que se adentrara en augas inglesas. O 7 de maio a mediodía, cando o *Lusitania* xa pasara da fistera irlandesa, un submarino alemán acertoulle co único torpedo que lle quedaba. Unha segunda explosión no interior, moito máis potente, levouno ao fondo en 18 minutos. A escalada bélica chegaba a niveis inauditos e non había máis saídas que a victoria ou a derrota.

Elbert Hubbard e o Capitán Rowen

Entre os 1200 - 1300 afogados había máis de dous centos de norteamericanos, entre eles Elbert Hubbard, xornalista que viaxaba a Europa coa intención de entrevistar ao Kaiser, e que pode pasar por ser un dos ideólogos das matanzas do século XX. Por suposto que involuntariamente, pois nunca escribiu a favor do armamentismo, pero no que se refire ás persoas que debía utiliza-las armas si que o tiña moi claro.



Cuberta da edición de 1914.

Para coller a pista das súas sinxelas ideas e a meteórica velocidade con que se divulgaron, debemos ir un pouco atrás, e citar de novo a Guerra de Independencia de Cuba.

A primeiros de abril do 98, a piques de declarar a guerra a España, o presidente dos EE.UU. William McKinley, necesitaba contactar co representante máximo dos mambises na provincia cubana de Oriente, para garantir a cobertura do desembarco que as tropas ianquis debían realizar. O xeneral Calixto García, veterano da Guerra dos 10 anos, era o home a localizar pero se ignoraba onde estaba exactamente. O correo escollido sería o Capitán Andrew S. Rowen (15), de 41 anos e ampla experiencia en Latinoamérica, foi enviado a Xamaica onde contactou cos independentistas. O 23 de abril, día do comezo das hostilidades, recibiu a orde de desembarcar en Cuba e entregar canto antes a *Mensaxe a García*.

Da súa autobiografía (16) extraio o seguinte parágrafo:

O Presidente estaba ansioso de información. Sabía que o éxito dependía da colaboración dos soldados da república coas forzas insurxentes de Cuba. El entendía que era esencial saber cantas tropas españolas había na illa, súa calidade e condición, a súa moral, o caracter dos seus oficiais, especialmente os altos mandos; o estado das estradas en todas as estacións; a situación sanitaria de ambos exércitos, o español e o insurxente e o país en xeral; o ben que estaban armados ambos bandos e o que necesitarían as forzas cubanas para guerrearlle ao contrario mentres eran mobilizados os batallóns estadounidenses; a topografía do país e outras moitas cousas importantes.

Sempre acompañado, Rowen desembarcou na illa e foi atravesando a provincia de Oriente, ás veces escoltado por máis de 200 xinetes, sendo finalmente recibido polo xeneral. Tras do encontro, xunto a tres oficiais cubanos, chegou ás Bahamas o 7 de maio onde informou aos mandos. Inmediatamente foi ascendido a Tenente Coronel e incorporado ao *Volunteer «Inmunes» infantry Regiment*, formado por afroamericanos, na crenza de que eran inmunes ás doenzas tropicais que dezmaban aos soldados españois.

Semanas despois as tropas de Calixto García tiñan cercada a cidade de Santiago de Cuba, pero, logo da batalla naval, España entregou a praza ós EE.UU. que prohibiron a entrada do exército cubano na capital oriental. Igual que fixeron un mes despois en Manila cos liberadores filipinos (17).

A primeiros de 1899 o periplo cubano do capitán Rowen, chegou a oídos do xornalista Elbert Green Hubbard que publicou un texto curto, dunhas 1.500 palabras, comentando

esa aventura tropical nunha revista de escasa tirada denominada *Philistine*. Máis que unha recreación dos feitos, incidía no servizo realizado por Rowen, que ante a solicitude do Presidente préstase a executalo solicitamente sen divagacións nin escusas. Hubbard enfatiza esa predisposición do inferior que utilizará para definir seu concepto do soldado-obreiro.

O heroe é o home que fai o seu traballo. O home que cando lle dan unha carta para García, caladamente asume a responsabilidade de levála... Nunca é despedido nin ten que facer folga por un salario máis alto. A civilización é unha procura longa e teimada de tales individuos. (18)

Cando a revista comezou a ser demandada de forma inusual, Hubbard preguntou cal era o artigo que tanto interesaba pois non consideraba destacable ningún dos textos que incluía. El mesmo comentaba en 1914, na introducción da enésima edición, a serie de afortunados accidentes que fixeron da «*Mensaxe a García*» o texto literario que consideraba máis reproducido en vida do autor.

Aos poucos días da publicación pedíronlle orzamento para 100.000 copias que a Compañía do Ferrocarril Central de New York desexaba repartir entre os seus traballadores. El, coa súa pequena imprenta deu un prazo de dous anos, polo que acordaron autorizar a reimpresión so do artigo. Finalmente a primeira edición do pequeno libro foi de 500.000 exemplares, sendo reproducido en 200 xornais e revistas.

De visita polos EE.UU. estaba o príncipe Hilakoff, director dos ferrocarrís rusos. Coñecedor da *Mensaxe* ordenou traducilo e repartilo entre os seus traballadores. Pouco despois foi traducido ao alemán, francés, español, turco, no Hindustán e China.

Durante a guerra entre Rusia e Xapón, todos os soldados rusos que foron ao fronte levaban unha copia do «*Mensaxe a García*»

Os xaponeses topárono e pensaron que era interesante traducilo, entregando unha copia a cada home, soldado ou civil. Polo que pode dicirse que na guerra ruso-xaponesa os soldados dos dous bandos tiñan nos seus petos a mesma mensaxe. E así, Hubbard calculaba que a tirada total pasaría dos corenta millóns de copias.

No 1916, véspera da entrada dos EE.UU. na Gran Guerra, realizouse unha película co seu argumento. Posteriormente no 1936 fíxose outra.



Postal en tempos da Gran Guerra.
<<http://www.sarahfrisk.net/Postcards>
FromTheGreatWar>

Durante todo o século XX seguiu en vigor esa simple idea que modelou comportamentos e que en definitiva colaborou na formación de exércitos millonarios en homes. Un bo obreiro-soldado só ten que obedecer e realizar eficazmente o seu traballo.

Hoxe, nos imperios tecnolóxicos postindustriais, cando os pilotos dos drones traballan en zapatillas, seguramente se sintan a gusto definindo súa aplicación no traballo coas sonadas palabras de Hubbard. Quen, por certo, tiña unha ideoloxía que resulta dabondo confusa, pois definíase a si mesmo como anarquista, igual que Xesucristo.

En todo caso, a utilización e difusión masiva dese tipo de ideas polas oligarquías imperiais resultou eficaz ante as propostas pacifistas.

Hubbard foise ao fondo do mar xunto ao *Lusitania* mentres, na cadea de Ferrol, os organizadores do Congreso pola Paz estaban presos por reclamar a fin da guerra e, nas trincheiras, gaseábanse mutuamente millóns de homes.

Vencida a oposición antibélica e animada pola agresividade dos gobernos, a industria armamentística acelerou o paso e converteuse na vangarda tecnolóxica do espectacular progreso do século XX.

NOTAS

- (1) Conferencia de Berlín 1884-85.
- (2) http://avalon.law.yale.edu/subject_menus/haguemen.asp , para ver os documentos.
- (3) Hoxe pertence a ONU como Corte Internacional de Xustiza <http://www.un.org/es/iccj/international>
- (4) II Internacional, formada en 1889 polos partidos socialistas e laboristas.
- (5) www.marxists.org/history/international/social-democracy/1912/basel-manifesto
- (6) I Guerra dos Balcáns (Outubro 1912- Maio 1913) a Liga Balcánica (Serbia, Grecia, Montenegro e Bulgaria) expulsa de Macedonia ao Imperio Otomano.
- (7) Ultimo parágrafo do manifesto de Basilea
- (8) www.marxists.org/espanol/lenin/obras/1910s/1915sogu.htm LENIN, V.I. «El socialismo y la guerra», julio 1915
- (9) Na época das quendas da II Restauración borbónica, os partidos monárquicos, liberais e conservadores, utilizando aos gobernadores civís, xuíces, xornais sumisos, garda civil e o conxunto das redes caciquís, bloqueaban calquera candidatura que non lles fora grata. Pablo Iglesias e os seus compañeiros de partido sufriron esas prácticas antidemocráticas.
- (10) O 26 de xullo de 1909, realizase unha folga xeral en Barcelona en protesta polo embarque de reservistas para Marrocos. O conflito prolongase varios días. A represión, dirixida por Xeneral Weyler, culminou co fusilamento de Francisco Ferrer i Guardia, fundador da Escola Moderna. O conflito tivo repercusións internacionais e supuxo a fin do goberno longo de Maura.
- (11) FERNANDEZ, Eliseo, *José López Bouza, do anarquismo ao republicanismo*. Edicións do Castro 2002
- (12) Acusados de sedición e inxurias, permaneceron na cadea 18 día. Un ano despois a Audiencia de A Coruña, absolveunos deixando sen argumentos á decisión do presidente Dato de prohibir o Congreso.
- (13) <http://www.memorialibertaria.org/valladolid/spip.php?article152>
- (14) http://en.wikipedia.org/wiki/RMS_Lusitania
- (15) Andrew Summers Rowen faleceu en California ós 86 anos. Foi soterrado no Arlington National Cemetery de Washington, o 01 de outubro de 1943.
- (16) Autobiografía de 1923. <http://www.arlingtoncemetery.net/asrowan.htm>
- (17) Finalizada a guerra de Cuba, Rowan foi enviado a Filipinas onde continuou durante unha década o enfrontamento entre os independentistas e o exército dos EE.UU. Alí foi premiado cunha medalla.
- (18) HUBBARD, Elbert. A Mensaxe to García, Young Press Stark, Kansas 1993. Completa biografía en http://en.wikipedia.org/wiki/Elbert_Hubbard